

## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

### PROPOSTA CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL PAI.

O Concello de Touro é titular dun Punto de atención á infancia (P.A.I.), no que se ten incrementada a súa demanda de prazas, polo que é urxente e inaprazable a contratación dunha persoa de apoio para posibilitar o normal funcionamento do servizo, pois doutro xeito poñería en risco o propio funcionamento do centro educativo. Así mesmo, é preciso seleccionar persoal necesario para cubrir as baixas que se produzan por incapacidade temporal, maternidade, permisos, etc.

Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. - Aprobar as bases que rexerán os criterios de selección do persoal de apoio ao Punto de atención á infancia (PAI) e doutro persoal para cubrir as baixas que se produzan no mencionado centro e que textualmente se transcriben:

“1.- O obxecto destas bases e a contratación con carácter de urxencia dun/ha colaborador/a para o P.A.I. (Punto de atención á infancia).

Así mesmo, as presentes bases teñen por obxecto crear unha bolsa que permita cubrir as suplencias que por enfermidade, embarazo, permisos, etc, poidan producirse no persoal que na actualidade presta os seus servizos no P.A.I. No supostos de substitución o salario corresponderase co do persoal substituído .

2.-O contrato do persoal colaborador será de carácter temporal e terá as seguintes características:

- Xornada: 5 horas diarias.

- Salario: 750 euros brutos ao mes.

- Duración: 6 meses. O contrato poderá ser ampliado segundo o requiran as necesidades do servizo, e ata o máximo legalmente establecido.

3.- A titulación mínima será a correspondente a do ciclo superior de educación infantil, podendo concorrer os que estean en posesión de titulación superior que sexa axeitada á praza que se convoca (mestre/a en xeral, técnico/a en xardín de infancia, pedagogo/a, psicopedagogo/a ect.)

4.- Realizarase unha oferta xenérica de emprego público para a selección da persoa a contratar. Así mesmo publicarase anuncio no taboleiro de edictos municipal e na páxina Web do Concello, podendo presentarse candidatos no prazo de oito días naturais.

De entre as persoas que sexan remitidas pola Oficina de emprego correspondente e as que se soliciten formar parte no proceso de contratación, realizarase unha selección por un tribunal formado polos seguintes compoñentes:

- Presidente: Secretario do Concello.

- Vocais.....: Traballadora Social.

Educadora Familiar.

Encargada PAI

- Secretario: Administrativo-Depositario.

5.- O criterios de selección para determinar a persoa a contratar serán os seguintes:

a) Por titulacións académicas : ata 2 puntos.

b) Por cursos e diplomas: ata 2 puntos.

c) Por Experiencia en traballos similares: ata 5 puntos.

d) Entrevista na que se ponderarán o interese, dispoñibilidade, aptitude e coñecemento do medio: ata 3 puntos.

e) Unha proba escrita na que se valoren os coñecementos do candidato sobre o traballo a realizar e sobre cuestións xenéricas que afecten ao coñecemento do Concello de Touro: ata 8 puntos .

6.- Os candidatos que superen os dez puntos pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego que será utilizada para cubrir baixas do persoal que forma parte do P.A.I.

7.- O Sr. Alcalde, a vista da proposta formulada pola comisión, formalizara o correspondente contrato, dando conta a Xunta de Goberno Local, para o seu coñecemento, que se cumprimentará coa aprobación da primeira das nóminas da persoa contratada.

8.- As presentes bases teñen carácter administrativo, e quedan sometidas ao control dos xulgados contencioso-administrativos.”

Segundo.- Autorizar ao señor Alcalde para a execución do presente acordo.

